

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DE SUPERCOMPUTACIÓN DE GALICIA, PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE FORMACIÓN, DIVULGACIÓN E INVESTIGACIÓN

En Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, [REDACTED], en calidade de Director Xerente da Fundación Centro Tecnolóxico de Supercomputación de Galicia (en diante CESGA), de acordo coa escritura de poder autorizada polo Notario de Santiago de Compostela D. Enrique Roger Amat, o día 22 de xaneiro de 2004, con número 214 do seu protocolo, actuando en nome e representación do CESGA, en virtude das facultades que lle confire o Artigo 17 dos Estatutos da Fundación;

doutra, [REDACTED], Directora da Escola Galega de Administración Pública (en adiante EGAP), nomeada polo Decreto 146/2012, do 12 de xullo (DOG nº 134 do 13 de xullo), actuando en nome e representación da EGAP, en virtude das facultades que lle confire o artigo 9º da Lei 4/1987, do 27 de maio, de creación da EGAP, modificada pola Lei 10/1989, do 10 de xullo.

Teñen, segundo interveñen, a capacidade legal necesaria para formalizar o presente **Convenio de Colaboración**, e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a EGAP é un organismo autónomo de carácter administrativo e unha entidade de dereito público con personalidade xurídica propia, que actúa con plena autonomía funcional para o cumprimento dos seus fins.

SEGUNDO.- Que a Lei 4/1987, do 27 de maio, pola que se crea a EGAP, menciona entre os fins da Escola a formación, o perfeccionamento, a investigación, a documentación, o estudo e a realización de traballos de divulgación no campo da administración pública, promovendo á súa máxima difusión.

TERCEIRO.- Que a Fundación CESGA, constituída en Santiago de Compostela o 23 de setembro de 2002, é unha Fundación mixta declarada de interese galego pola Xunta de Galicia, que ten por obxecto fomentar, difundir e prestar servizos de cálculo intensivo e comunicacións ás comunidades investigadoras galegas e do *Consejo Superior de Investigaciones Científicas (CSIC)*, así como a aquela empresa ou institución que o solicite e, deste xeito, contribuír mediante o perfeccionamento tecnolóxico e a innovación á mellora da competitividade das empresas.

CUARTO.- A Resolución do Director da EGAP, do 4 de xaneiro de 2008, pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública, publicada no DOG. Núm. 7, do 10 de xaneiro de 2008, establece no seu artigo primeiro que, tendo en conta os convenios que se subscriban para este efecto, poderá participar nas actividades da EGAP, o persoal dependente do Parlamento de Galicia, do Valedor do Pobo, do Consello de Contas, do Consello Consultivo; o persoal da Administración

das tres universidades galegas e o doutras entidades, organismos e empresas públicas, así como outros colectivos de interese para a Administración, cando así se estableza nas respectivas convocatorias, que poden fixar cotas para cada Administración.

QUINTO.- Que ambas as dúas partes consideran de mutuo interese para o cumprimento das súas respectivas funcións establecer fórmulas de colaboración no ámbito formativo, divulgador e investigador a través do presente Convenio.

En virtude do exposto e recoñecéndose ambas dúas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto.

O obxecto deste convenio entre a EGAP e a Fundación CESGA, é a participación nas actividades da EGAP do persoal dependente da Fundación CESGA, así como a colaboración e o desenvolvemento conxunto de actividades de carácter formativo, divulgador e investigador en materias da competencia das institucións asinantes do mesmo; actuando de forma máis eficaz e eficiente na utilización dos medios humanos, materiais e organizativas de cada unha delas, para un mellor cumprimento dos fins de ambas dúas partes, en beneficio da cidadanía e da sociedade galega.

SEGUNDA.- Actuacións.

A EGAP e a Fundación CESGA, en virtude do disposto neste convenio, poderán colaborar en actividades relacionadas coa realización de formación, divulgación e investigación no ámbito das súas competencias.

As modalidades de colaboración poderán consistir en:

- a) A participación nas actividades da EGAP do persoal dependente da Fundación CESGA, que fará a selección do referido persoal para cada actividade concreta, de conformidade co disposto na Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG nº 7 de 10 de xaneiro de 2008); selección que comunicará á EGAP.
- b) Realización conxunta de cursos, xornadas, seminarios e outras actividades de divulgación.
- c) Edición conxunta de libros, outras publicacións e documentos de traballo. Ambas as dúas institucións comprométense a remitir un exemplar das súas publicacións periódicas á Biblioteca da outra, para a súa difusión.
- d) Promover a actividade investigadora de ambas as dúas institucións mediante proxectos de investigación conxuntos.
- e) Cantas outras sexan consideradas de interese común, dentro da competencia e dispoñibilidade das partes, en relación á actividade obxecto deste Convenio.

TERCEIRA.- Requisitos e documentación que está obrigada a achegar a entidade promotora da acción formativa.

1. En aplicación do previsto na Resolución do 19 de novembro de 2008 pola que se establecen o procedemento e os requisitos de homologación de accións formativas por parte da Escola Galega de Administración Pública (DOG do 3 de decembro) as entidades promotoras de

accións formativas deberán remitir ao Servizo de Programación das actividades de Formación da EGAP con dous meses de anticipación ao inicio da acción formativa unha memoria explicativa na que se faga referencia aos seguintes extremos:

- A. Indicación da persoa responsable da tramitación ante a EGAP.
- B. Denominación, obxectivo e metodoloxía da acción formativa. A impartición de actividades na modalidade de teleformación deberá adecuarse aos estándares fixados pola EGAP.
- C. Programa e número de horas lectivas.
- D. Lugar, data e horario de realización.
- E. Sistema de avaliación do alumnado.
- F. Criterios de selección que terán que axustarse a criterios obxectivos tendo en conta a relación do contido da acción coas tarefas do posto desempeñado. Subsidiariamente empregaranse os da Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro), pola que se fan públicos os criterios de participación nas actividades docentes da EGAP.
- G. Destinatarios, número de asistentes. Debe ser preferentemente persoal ao servizo das administracións públicas de Galicia.
- H. Perfil do profesorado que impartirá as clases. Se están determinados, unha relación dos docentes cos seus currículos e con indicación da súa inscrición no Rexistro de Formadores da EGAP.
- I. Remitir, no momento de finalizar a actividade formativa, e no prazo máximo de dous meses, unha memoria-resumo que faga referencia aos seguintes aspectos
 - a. Relación certificada de participantes que cumpran os requisitos necesarios para ter dereito á expedición do certificado. Para os efectos de obtención do certificado de aproveitamento, relación certificada de participantes indicando a avaliación do alumnado.
 - b. Copia do material didáctico empregado. No caso de actividades de teleformación, ademais facilitarase a EGAP durante o desenvolvemento do curso un acceso a elas na plataforma correspondente.
 - c. Resultado global das enquisas de valoración realizadas polos participantes.

2. Indicación do prazo de matrícula antes do comezo da acción formativa. Os alumnos deberán matricularse na área de matrícula da EGAP <http://egap.xunta.es/matricula>.

3. Controis de asistencia. Para os efectos da expedición dos certificados, son de aplicación os requisitos de asistencia previstos pola EGAP.

4. Publicar no Diario Oficial de Galicia e/ou na páxina web da EGAP a convocatoria da actividade formativa.

CUARTA.- Establecemento dunha Comisión Mixta de Seguimento.

Para o bo desenvolvemento das actividades obxecto do Convenio establecerase unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por representantes de cada unha das institucións á que corresponderá a concreción, seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas do presente convenio.

Nesta comisión actuarán como representantes por parte da EGAP, a persoa responsable da Secretaría Xeral e un Xefe o Xefa de Servizo da mesma que designe a súa Directora, ou persoas en quen deleguen; e por parte da Fundación CESGA o seu Director Xerente e o/a Coordinador/a da área de Aprendizaxe Electrónica, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións desta Comisión de seguimento:

- 1.- Velar polo cumprimento do convenio.
- 2.- Concretar, seguir, interpretar e avaliar as accións derivadas do presente convenio.
- 3.- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- 4.- Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- 5.- En xeral, as que o artigo 49 f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, lle atribúe o órgano de vixilancia e control.

QUINTA.- Orzamento.

A sinatura deste convenio non implica, por parte da EGAP e da Fundación CESGA, compromiso de gasto con cargo ás partidas orzamentarias do estado de gastos do orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2017.

SEXTA.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e a EGAP.

SÉTIMA.- Dereitos de uso e propiedade industrial e intelectual.

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial sobre a totalidade das creacións resultado deste convenio, son titularidade conxunta da EGAP e da Fundación CESGA.

As partes necesitan a autorización expresa da outra para proceder a edición, representación, gravación e reprodución audiovisual, informática, ou por calquera outro medio, formato o soporte, do resultado e dos materiais froito do desenvolvemento do proxecto.

OITAVA.- Modificación, Denuncia e Resolución do Convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo. Así mesmo, poderán denunciar o presente convenio en calquera momento por vontade expresa de calquera das partes cun preaviso de quince días naturais.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolver o mesmo, cos efectos que legalmente procedan.

NOVENA.- Réxime xurídico e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, pola lexislación en materia de contratos das administracións públicas polas demais normas de dereito administrativo e, no seu defecto polas normas de dereito privado.

Terase en conta o establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno, en especial no que se refire a publicidade deste convenio.

De conformidade co establecido no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de Racionalización do sector público autonómico, as cuestións litixiosas que poidan xurdir na

interpretación e cumprimento do presente convenio de colaboración, serán de coñecemento e competencia da Orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

DÉCIMA.- Vixencia.

O presente convenio estenderá a súa vixencia dende a data da sinatura por tódalas partes ata o 31 de decembro do 2017, prorrogándose de forma expresa por anualidades naturais, salvo denuncia de calquera das partes antes do seu termo, ou do termo de cada unha das prórrogas.

Este acordo de colaboración obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose tódalas partes ao acordado en tódalas estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Pola Escola Galega de
Administración Pública,

Pola Fundación CESGA,

Este convenio foi asinado por ambas partes o día 4 de xaneiro do ano 2017